

TEATRO

crítica



Emocionarse

Inma López Silva

Hai un Eduardo Alonso que foxe das minisuperproduccións e dos musicais e que, sen renunciar a uns públicos amplos e diversos, é capaz de se repregar nun teatro íntimo e emocionante no que todo o espectáculo é o teatro en estado puro: un texto excelente como segredo e unhas interpretacións coidadísimas. Iso é *Último*

ÚLTIMO COWBOY

Autor e director:

Eduardo Alonso

Compañía: Teatro do Noroeste

Elenco: Miguel Pernas, Luma Gómez

Axudante de dirección: Inma Antón

Iluminación: Eduardo Alonso

Selección musical: Brais Morán

cowboy, unha peza que discorre con esa sinxeleza que fai que o difícil semelle fácil e con toques de humor que converten en alta comedia o que, doutro xeito, podería ter sido un dramón. O argumento é simple e mesmo,

se me apuran, pouco orixinal: un solitario home maior, deteriorado tras un infarto, vese obrigado polos seus fillos a aceptar na casa unha muller que o coide e coa que, malia todo, non tarda en xurdir unha fermosa amizade. No fondo, os detalles que fan desa historia simple unha peza inesquecible: para entreterse, o home grava as novelas de vaqueiros que envía a un amigo cego; e a muller, unha emigrante de Albania, deixou tras de si unha triste historia vital que imos coñecendo en sabias doses argumentais. Alonso logra que, con eses vimbios, o relato torne por veces en comedia delirante, mais sen perder de vista que os momentos álxidos han ser eses que fican na memoria do espectador pola súa fondura psicolóxica arredor do sentido da vida e da morte, a vellez, a enfermidade, o totalitarismo e os azares da vida, que se van debullando pouco a pouco e que, de certo, van constituíndo o devir argumental da peza.

A importancia deses momentos xamais se acadaría de non ser polas interpretacións de Miguel Pernas e Luma Gómez. El, no papel do vello

empregado de banca enfermo e acabado, oscila entre o vitalismo e a decadencia dándolle ao personaxe realismo, mais tamén logra darlle a fondura imprescindible para empatizar co espectador e levalo ao terreo da identificación. A emoción, en definitiva, que queda na memoria tempo despois da fin do espectáculo e que semella ser o mantra que guía a dirección de actores e que tamén consegue unha Luma Gómez que dá cunha clave de dozura para esa albanesa coa vida ás costas que vai apreixando o espectador pouco a pouco, malia a proxección dun acento algo forzado ao que acabamos por afaernos e que tamén se erixe en sinal de identidade fundamental dun personaxe que a actriz converte en entrañábel.

A *Último cowboy*, por isto, non lle é necesaria unha escenografía grandilocuente máis que a imprescindible para recrear o único espazo da obra, o salón desaxeitado da casa. A peza, ademais, dótase dunha música ben acaída a esa procura da empatía co espectador, así como a intensificar as emocións dese xeito único e case cinematográfico que só a música pode facer.

Sempre gustamos desta liña máis intimista do teatro de Eduardo Alonso no que, coido, o director ofrece o mellor de si como creador de historias e como construtor de mundos para os que, na máis antiga tradición teatral, semella non precisarse nada máis ca alguén que actúa mentres outro mira. Se cadra, hai algo bo nesta crise terríbel que obriga ao teatro a reducirse á súa mínima expresión: a oportunidade de emocionarnos co talento e coa fermosura das historias que só precisan da arte para se converteren en realidade.